

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA
CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Filosofía

Sonia Reverter-Bañón



2020
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

FILOSOFÍA
Sonia Reverter-Bañón

2020
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Colección impulsada polo Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero
da Xarxa Vives d'Universitats

Elena VILLATORO BOAN, presidenta da Comisión de Igualdade e Conciliación de Vida Laboral e Familiar, Universidade Abat Oliba CEU • **M^a José RODRÍGUEZ JAUME**, vicerreitora de Responsabilidade Social, Inclusión e Igualdade, Universidade de Alacante • **Cristina YÁÑEZ DE ALDECOA**, coordinadora da Reitoría en Internacionalización e Relacións institucionais, Universidade de Andorra • **Joana GALLEGRO AYALA**, directora do Observatorio para a igualdade, Universidade Autónoma de Barcelona • **M. Pilar RIVAS VALLEJO**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Barcelona • **Ruth María ABRIL STOFFELS**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade CEU Cardeal Herrera • **Ana M. PLA BOIX**, delegada do reitor para a Igualdade de Xénero, Universidade de Xirona • **Esperança BOSCH FIOLE**, directora e coordinadora da Oficina para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, Universidade das Illas Baleares • **Consuelo LEÓN LLORENTE**, directora do Observatorio de Políticas Familiares, Universidade Internacional de Cataluña • **Mercedes ALCANIZ MOSCARDÓ**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Jaume I • **Anna ROMERO BURILLO**, directora do Centro Dolors Piera de Igualdade de Oportunidades e Promoción das Mulleres, Universidade de Lleida • **María José ALARCÓN GARCÍA**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Miguel Hernández de Elche • **María OLIVELLA QUINTANA**, directora do Grupo de Igualdade de Xénero, Universidade Aberta de Cataluña • **Dominique SISTACH**, responsable da Comisión de Igualdade de Oportunidades, Universidade de Perpignan Via Domitia • **Sílvia GÓMEZ CASTÁN**, técnica de Igualdade do Gabinete de Innovación e Comunidade, Universidade Politécnica de Cataluña • **M. Rosa CERDÀ HERNÁNDEZ**, responsable da Unidade de Igualdade, Universidade Politécnica de Valencia • **Tània VERGE MESTRE**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Pompeu Fabra • **Maite SALA RODRÍGUEZ**, técnica de relacións internacionais e estudantes, Universidade Ramon Llull • **Inma PASTOR GOSÁLVEZ**, directora do Observatorio da Igualdade, Universidade Rovira i Virgili • **Amparo MANÉS BARBÉ**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Valencia • **Anna PÉREZ I QUINTANA**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Vic - Universidade Central de Cataluña

Edición promovida pola Xarxa Vives d'Universitats en colaboración coas Universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela

© Xarxa Vives d'Universitats, 2018, da edición orixinal
© Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela,
Universidade de Vigo, 2020, desta edición

Tradución

Milena Vázquez Fernández

Deseño e maquetación

José María Gairí

Edición técnica

Servizo de Publicacións

Universidade de Santiago de Compostela

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

usc.gal/publicacions

Edición dixital en acceso aberto



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

••ÍNDICE

Presentación	5
Artes e Humanidades.....	6
Ciencias Sociais e Xurídicas.....	7
Ciencias.....	7
Ciencias da Vida.....	7
Enxeñarías.....	7
01. Introducción	8
02. Implicacións da cegueira de xénero	9
03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia	12
04. Boas prácticas	16
Contidos.....	18
MATERIAS DE TEORÍA DO COÑECEMENTO.....	18
MATERIAS DE FILOSOFÍA POLÍTICA E SOCIAL.....	19
Avaliación.....	22
Modalidades organizativas das dinámicas docentes.....	24
Métodos docentes.....	26
05. Recursos docentes	29
Textos sobre metodoloxía, para facilitar a alumnado e profesorado a reflexión sobre por que é importante a perspectiva de xénero no pensamento.....	30
Textos para constituír un corpus filosófico non sexista para levalo á práctica en obradoiros na clase.....	31
Filmes que mostran a traxectoria de mulleres filósofas que contestaron ao patriarcado.....	32
Vídeos con intervencións sobre como facer filosofía non sexista.....	32

Blogs e webs sobre mulleres e filosofía.....	32
Redes sociais.....	33
06. Ensinar a facer buscas sensibles ao xénero.....	34
07. Ferramentas de consulta.....	37
Webgrafía.....	37
Ligazóns a guías docentes de materias específicas de xénero.....	37
08. Para afondar.....	39

•• Presentación

Que é a perspectiva de xénero e que relevancia ten na docencia dos programas de grao e de posgrao? Aplicada ao ámbito universitario, a transversalización de xénero ou *Gender mainstreaming* é unha política integral para promover a igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, todos eles ámbitos afectados por diferentes nesgos de xénero. Como estratexia transversal, implica que todas as políticas teñan en conta as características, as necesidades e os intereses tanto de mulleres como de homes, distinguindo os aspectos biolóxicos (sexo) das representacións sociais (normas, roles, estereotipos) que se constrúen cultural e historicamente da feminidade e da masculinidade (xénero) a partir da diferenza sexual.

A Xarxa Vives de Universidades (XVU) promove a cohesión da comunidade universitaria e reforza a proxección e o impacto da universidade na sociedade impulsando a definición de estratexias comúns, especialmente no ámbito de acción da perspectiva de xénero. É oportuno lembrar que as políticas que non teñen en conta estes roles diferentes e estas necesidades diversas e, por tanto, son cegas ao xénero, non axudan a transformar a estrutura desigual das relacións de xénero. Isto tamén é aplicable á docencia universitaria, a través da cal lle ofrecemos ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e intervir no futuro desde o exercicio profesional, proporcionamos fontes de referencia e autoridade académica e buscamos fomentar o espírito crítico.

Unha transferencia de coñecemento nas aulas sensible ao sexo e ao xénero comporta diferentes beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado. Dunha parte, se se afonda na comprensión das necesidades e os comportamentos do conxunto da poboación, evítanse as interpretacións parciais ou nesgadas, tanto a nivel teórico como empírico, que se producen cando se parte do home como referente universal ou non se ten en conta a diversidade do suxeito mulleres e do suxeito homes. Deste xeito, incorporar a perspectiva de xénero mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, das tecnoloxías e das innovacións (re) producidas.

Da outra, fornecer ao alumnado novas ferramentas para identificar os estereotipos, normas e roles sociais de xénero contribúe a desenvolver o seu espírito crítico e a que adquiera competencias que lle permitan evitar a cegueira de xénero na súa práctica profesional futura. Así mesmo, a perspectiva de xénero permítelle ao profesorado prestar atención ás dinámicas de xénero que teñen lugar na contorna de aprendizaxe e adoptar medidas que aseguren que se atende á diversidade do estudantado.

O documento que tes nas túas mans é froito do plan de traballo bianual 2016/17 do Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero da XVU, centrado na perspectiva de xénero, na docencia e na investigación universitaria. Nunha primeira fase, o informe *La perspectiva de gènere en docència i recerca a les Universitats de la Xarxa Vives: Situació actual i reptes de futur* (2017), coordinado por Tània Verge Mestre (Universidade Pompeu Fabra) e Teresa Cabruja Ubach (Universidade de Xirona), constatou que a incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria seguía sendo un reto pendente, a pesar do marco normativo vixente nos contextos europeo, estatal e dos territorios da XVU.

Un dos principais retos identificados neste informe para superar a falta de sensibilidade ao xénero dos currículos dos programas de grao e de posgrao era a necesidade de formar o profesorado nesta competencia. Nesta liña, apuntábase a necesidade de contar con recursos docentes que axuden o profesorado a facer unha docencia sensible ao xénero. Así, nunha segunda fase, elaborouse o recurso *Guies per a una docència universitària amb perspectiva de gènere*, baixo a coordinación de Teresa Cabruja Ubach, M.^a José Rodríguez Jaume (Universidade de Alacante) e Tània Verge Mestre. Elaboráronse en conxunto once guías, entre unha e catro por ámbito de coñecemento, que foron encargadas a profesoras expertas na aplicación da perspectiva de xénero na súa disciplina de diferentes universidades:

Artes e Humanidades

Historia: Mónica Moreno Seco (Universidade de Alacante)

Historia da Arte: Maria Lluïsa Faxedas Brujats (Universidade de Xirona)

Filoloxía e Lingüística: Montserrat Ribas Bisbal (Universidade Pompeu Fabra)

Filosofía: Sonia Reverter-Bañón (Universidade Jaume I)

Ciencias Sociais e Xurídicas

Dereito e Criminoloxía: María Concepción Torres Díaz (Universidade de Alacante)

Socioloxía, Economía e Ciencia Política: Rosa Maria Ortiz Monera e Anna Maria Morero Beltrán (Universidade de Barcelona)

Educación e Pedagogía: Montserrat Rifà Valls (Universidade Autónoma de Barcelona)

Ciencias

Física: Encina Calvo Iglesias (Universidade de Santiago de Compostela)

Ciencias da Vida

Medicina: María Teresa Ruiz Cantero (Universidade de Alacante)

Psicoloxía: Esperanza Bosch Fiol e Salud Mantero Heredia (Universidade das Illas Baleares)

Enxeñarías

Ciencias da Computación: Paloma Moreda Pozo (Universidade de Alacante)

Aprender a incorporar a perspectiva de xénero nas materias impartidas non implica máis que unha reflexión sobre os diferentes elementos que configuran o proceso de ensino-aprendizaxe, partindo do sexo e do xénero como variables analíticas clave. Para poder revisar as vosas materias desde esta perspectiva, nas *Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero* atoparedes recomendacións e indicacións que cobren todos estes elementos: obxectivos, resultados de aprendizaxe, contidos, exemplos e linguaxe utilizados, fontes seleccionadas, métodos docentes e de avaliación e xestión da contorna de aprendizaxe. Despois de todo, incorporar o principio de igualdade de xénero non é só unha cuestión de xustiza social, senón de calidade da docencia.

Teresa Cabruja Ubach, María José Rodríguez Jaume e Tània Verge Mestre

Coordinadoras

•• 01. Introducción

Sonia Reverter-Bañón, profesora da Universidade Jaume I, recolle nesta guía un amplo abano de recomendacións para introducir a perspectiva de xénero na docencia da filosofía. A través da docencia ofrecemos ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e as relacións sociais, amais de lle proporcionar fontes de referencia e autoridade académica, así como tamén perseguimos poñer en práctica a participación e o espírito crítico. Como se pon de manifesto nesta guía, sen unha reflexión sobre os nesgos de xénero que poden estar presentes no exercicio da nosa docencia, o profesorado pode contribuír a reforzar e perpetuar a desigualdade de xénero.

Por este motivo, a guía comeza cunha discusión dos aspectos que marcan a **cegueira de xénero** das disciplinas traballadas e as súas implicacións (segundo apartado). Ao respecto, sinálase o papel que tivo a filosofía ao longo da historia na caracterización das mulleres como seres inferiores e na consideración das calidades masculinas como universais.

Deseguido a guía desenvolve diferentes ferramentas para axudar o profesorado a impartir unha docencia sensible ao xénero. Por unha parte, ofrécese **propostas xerais** para incorporar a perspectiva de xénero na docencia (terceiro apartado). Pola outra, preséntanse propostas concretas para introducir a perspectiva de xénero na docencia das disciplinas mencionadas e ofrécese unha serie de **boas prácticas** que abranguen contidos, avaliacións e metodoloxías docentes na educación e na pedagogía (cuarto apartado).

A guía tamén inclúe diferentes **recursos docentes** (quinto apartado) e proporciona indicacións sobre como o profesorado pode axudar o alumnado a incorporar a **perspectiva de xénero** na investigación, especialmente nos traballos de fin de grao (TFG) ou de fin de máster (TFM) (sexto apartado). Así mesmo, recóllense diferentes **ferramentas de consulta**, como páxinas web e ligazóns a guías docentes, que poden servir de exemplo (sétimo apartado), e preséntase unha bibliografía de referencia **para afondar** no proceso de reflexión sobre como impartir unha docencia sensible ao xénero (oitavo apartado).

•• 02. Implicacións da cegueira de xénero

A cegueira de xénero dentro do ámbito da filosofía, tanto en relación coa investigación como no tocante á práctica profesional, ten implicacións moi relevantes para a concepción e o desenvolvemento do que entendemos como humanidade. A procura do universal, como obxectivo principal da filosofía, supuxo unha concepción do ser humano cunhas calidades determinadas. Ao longo da súa historia a filosofía tendeu a presentar un suxeito universal en aparencia que en realidade se identifica co masculino. Obviamente, esta é unha gran contradición que resulta o erro máis importante do pensamento filosófico occidental.

A equiparación entre o universal e o masculino fíxose argumentando a inferioridade das mulleres. Un exemplo claro é o de Aristóteles (*Política*, 1252a), quen consideraba que, por motivos biolóxicos, as mulleres son inferiores aos homes¹. Outros autores como Kant e Rousseau reclamaban ilustración e educación, pero só para os homes. As mulleres tiñan que educarse para ser caladas, obedientes, submisas, modestas e castas. Estes prexuízos marcaron durante séculos a idea filosófica da debilidade consubstancial ao sexo feminino e produciron un pensamento antropocéntrico e patriarcal que se usa como fonte de lexitimación das desigualdades.

A exclusión das mulleres permitiu, ao mesmo tempo, negar todo aquilo que conforma os aspectos adxudicados á feminidade e á experiencia da vida das mulleres; é dicir, o coidado e todas as tarefas vinculadas a el, fundamentalmente: tenrura, preocupación polo benestar do outro, compaixón, paciencia, responsabilidade, atención, escoita, afecto, empatía ou gratitude. A cultura filosófica dominante converteuse así nunha cultura interesada naqueles aspectos, aptitudes e habilidades humanas contrapostas á feminidade, e, por tanto, ao coidado. É, pois, unha cultura que valora

¹ Véxase Aristóteles (2003). *Política*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

o sentido da vida en aspectos como a racionalidade lóxica e instrumental, desprovista de aspectos emocionais e sentimentais.

A consecuencia máis importante foi a creación de teorías filosóficas que reflexionan sobre a racionalidade máis «pura» posible, fuxindo do que a poida «ensuciar». Esta argumentación ideolóxica, aínda que pretendidamente filosófica, fíxose, ademais, apoiándose en dúbidas teorías biolóxicas, como as do mesmo Aristóteles, considerado o iniciador da bioloxía como disciplina, que argumenta que as diferenzas sexuais son a orixe das diferenzas sociais. Deste xeito, inferiuse que, se as mulleres son diferentes bioloxicamente, deben ser diferentes de igual forma nas capacidades e aptitudes.

Hoxe os argumentos biolóxicos sobre a inferioridade das mulleres e a súa suposta menor capacidade de racionalidade carecen de consistencia. Trátase de argumentos fraudulentos cun claro interese de dominación e de sostemento da desigualdade de xénero. Por poñer algúns exemplos, podemos citar a Aristóteles, para quen as mulleres son «homes errados»; Tomás de Aquino, quen fala das mulleres como seres inacabados que non conforman un verdadeiro ser humano; Schopenhauer, para quen as mulleres teñen unha «instintiva» e «indestrutible tendencia a mentir»; ou en Nietzsche, que xulgaba que as mulleres son seres «débeis, enfermos, mudables e inconstantes». A neurociencia actual, por citar as últimas investigacións científicas, non puido demostrar de forma concluínte a diferenza sexual na cognición humana que é, en definitiva, a que podería importar desde o modelo filosófico ilustrado e moderno que identifica o ser humano coa súa capacidade racional.

A crítica filosófica iniciada polas teorías feministas a partir dos anos cincuenta e de forma masiva desde a década dos anos oitenta serviu para realizar unha despatriarcalización do pensamento e conformar unha nova concepción do que se entende por razón, a cal xa non se considera nin exclusiva dos homes nin tan lóxica e afastada das emocións como pretendeu ao longo da súa historia a filosofía occidental.

Tanto homes como mulleres teñen a capacidade de falar, de emocionarse e de expresarse. Conforme se foi desvelando a relación de xénero na construción do suxeito filosófico, a razón pasou a interpretarse desde unha visión menos lóxica e instrumental. Razón e emoción xa non son entendidas como dous ámbitos humanos diferenciados e case irreconciliables. Hoxe sabemos que razón e a emoción traballan conxuntamente e son, ademais, aspectos humanos que non se poden asignar de forma exclusiva a homes ou mulleres.

No campo da reflexión filosófica a concepción patriarcal do ser humano implicou unha visión nesgada do que somos como humanos, do que son a realidade e o coñecemento. Isto tivo como consecuencia unha interpretación centrada principalmente nunha racionalidade obsesionada polo dominio, polo interese egoísta e pola produtividade (entendida cada vez máis desde unha visión absolutamente mercantilista).

Despatriarcalizar a filosofía como campo de aprendizaxe, investigación e desenvolvemento profesional, implica non só integrar as mulleres e as relacións de xénero na profesión, senón tamén discutir os conceptos filosóficos desde un ángulo que permita superar as visións que a miúdo conducen a comportamentos opresivos doutros seres humanos, outros seres vivos, a natureza e o planeta. Como xa dixo o filósofo François Pou-lain de La Barre a finais do século XVII, «o feminismo é un verdadeiro test de filosofía, de honestidade epistemolóxica e de autoesixencia ética e cultural».

•• 03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia

A filósofa Hannah Arendt (1995) díxonos que o problema cunha forma autoritaria de construír o saber histórico e filosófico consiste en mostrar como necesario e causal o que unicamente é contingente e responde a unha lóxica de dominación e de relación instrumental co mundo. O patriarcado, como sistema de dominación que organiza a vida e o coñecemento na desigualdade entre as mulleres e os homes, é unha mostra clara deste tipo de construción de coñecemento. As consecuencias que o patriarcado produce con este tipo de «epistemoloxía da ignorancia», como a chama Nancy Tuana (2006), son tan evidentes como tráxicas: a invisibilización da produción feminina; a negación das posibilidades de aprendizaxe e creación de cultura ás mulleres; o desprezo da identidade feminina e de todo coñecemento producido polas mulleres; a perda constante de saberes diversos ou a frustración de biografías non normativamente adaptadas ao patriarcado.

A perda de saberes e coñecementos foi abafadora no ámbito das ciencias humanas, e moi especialmente no campo da filosofía. A filosofía, por ser un ámbito de coñecemento que depende en gran parte da experiencia e da interpretación e a intersubxetividade humanas, está máis exposta a estruturas culturais e sociais que son precisamente as que permiten estas experiencias e interpretacións. Por iso, cando o paradigma patriarcal comezou a caer, o ámbito da filosofía tamén foi un ámbito sensible a introducir con certa rapidez os cambios sociais que a perspectiva de xénero comportou.

Trátase dun novo marco de interpretación que nos permite non só recuperar as voces e os saberes silenciados, senón organizar e producir os coñecementos doutra forma. É dicir, cun compromiso coa igualdade, coa diversidade e coa xustiza social. Este marco imponnos a necesidade de ollar de xeito crítico cara aos alicerces do pensamento patriarcal. Entre eles o máis importante foi a naturalización das diferenzas, como a teoría femi-

nista criticou repetidamente; é dicir, a confusión entre o que somos como seres humanos e o que as sociedades constrúen en termos de categorías humanas para organizarse, xa sexa a raza ou a etnia, a sexualidade, a clase social ou o xénero. Estas categorías, vinculadas a un determinado sistema de poder, empréganse para dominar, subxugar e finalmente distribuír os bens materiais e inmateriais nas sociedades, o que dá pé a desigualdades e inxustizas.

O termo xénero foi e segue a ser un dos eixes máis contundentes e máis difíciles de deconstruír. Por que? Precisamente por ser naturalizado, é dicir, por ser pensado como unha esencia humana que non depende de vontades ou de poderes humanos. Vincúlase ao sexo biolóxico de maneira que se confunden continuamente o un co outro, e isto permitiu manter a idea de que homes e mulleres son diferentes. Mantense erroneamente a crenza de que o sexo biolóxico impón normas de actuación e experiencias de vida.

Este alicerce do patriarcado foi desmontado por Simone de Beauvoir en 1949 na súa obra *O segundo sexo*: «a muller non nace, faise» (Beauvoir, 1999). A cuestión será, daquela, entender como a muller chega a ser un suxeito subordinado e oprimido ou, como Beauvoir di en termos filosóficos, como acontece a «alteridade absoluta». É, por tanto, necesario introducir na reflexión filosófica unha explicación clara que nos permita entender que sexo e xénero son dous conceptos diferenciados: o sexo é biolóxico, mentres que o xénero é unha construción cultural e social resultado de educar e socializar as persoas segundo uns modelos dados de feminidade e de masculinidade.

A filosofía ao longo da súa historia confundiu de maneira constante estes dous conceptos, o que permitiu naturalizar o que é construído polas culturas patriarcais: pensouse que a diferenza biolóxica causa diferenzas respecto aos roles e as capacidades das persoas. Nun escenario patriarcal de menosprezo do feminino (diferenza biolóxica) pasouse a desprezar todo o vinculado ás mulleres (xénero ou diferenza construída pola cultura). Isto conforma o que se coñece na teoría feminista como sistema sexo/xénero, que acabou por ser un «sistema de supremacía masculina» que

rexe en todas as sociedades coñecidas e que se basea no control masculino dos sectores claves, dos poderes económico, político, relixioso, militar e tamén filosófico.

Nun escenario igualitario non poderemos confundir sexo e xénero e non asumiremos que as diferenzas biolóxicas ou sexuais se poidan interpretar como desigualdades culturais e sociais, erro que repetiron autores tan diferentes como Aristóteles, Kant ou Nietzsche, por exemplo. Para evitar este erro podemos citar algún dos poucos exemplos de filósofos que alertaban contra este prexuízo: Poulain de La Barre, un cartesiano feminista do século XVII, afirmaba que as ideas sobre a diferenza dos sexos e sobre a necesidade de excluír as mulleres do ámbito público constituían «o máis arraigado dos prexuízos» e que os mesmos filósofos caían neste prexuízo porque nin sequera consideraban pertinente tratar a cuestión.

Por esta razón, na disciplina filosófica teremos que recuperar coñecementos e nomes propios de mulleres ao longo da historia da filosofía e do pensamento, amais de levar a cabo unha análise crítica dos canons de funcionamento desta parcela do coñecemento. O canon, ou conxunto de normas e principios con que se rexe a filosofía, está cargado de androcen-trismo; obriga así a ver, aprender, pensar e mesmo sentir que o masculino é o que conforma o suxeito hexemónico, e, xa que logo, o verdadeiro ser humano que serve de eixe para facer e concibir o coñecemento racional e filosófico. De feito, incluso a linguaxe que usamos para pensar e crear saberes e coñecemento está entrelazada nesta concepción androcéntrica e patriarcal do suxeito home como o único suxeito lexítimo desde o que conceptualizar, pensar e construír a realidade.

Un exemplo destas normas é o que se entende de xeito tradicional como debate filosófico, ao cal se lle esixe un alto grao de abstracción, precisamente para poder ser universal, obxectivo máximo da reflexión filosófica. Xa na Grecia clásica era importante aprender oratoria como arte de expresar un coñecemento abstracto. No entanto, só algúns homes tiñan recoñecido o dereito a aprender a expresarse e a falar filosoficamente para poder intervir no espazo público onde se decidía a repartición dos poderes.

O mesmo concepto de *logos*, innegable orixe da filosofía occidental, nace vinculado a unha forma andróxina e sexista de entender o pensamento.

Neste sentido, cómpre empregar unha pedagogía feminista que dea visibilidade á produción de coñecemento dos diferentes grupos oprimidos, como as mulleres e as persoas non heterosexuais (que é o padrón vinculado á separación por xéneros dos seres humanos). A idea principal dunha pedagogía feminista no campo da filosofía ten como obxectivo principal construír e recuperar saberes de forma non xerárquica, é dicir, atendendo á idea de que non debemos caer na tentación de conformar un suxeito hexemónico que se erixa como suxeito universal en canto ás características humanas e ideais. Trátase, por tanto, de ensinar na aula a recoñecer e a apoderarse duns coñecementos filosóficos que nos leven a unha comprensión do ser humano o máis completa e diversa posible. Así, o pensamento poderá ser máis frutífero á hora de fertilizar o terreo para que poidan aparecer novas solucións aos problemas actuais da humanidade.

É importante, nesta pedagogía, facermos consciente o alumnado das tarefas críticas que representan a aprendizaxe e a investigación no campo da filosofía desfacéndose de estereotipos de masculinidade/feminidade. Hai que educar na idea de que non somos só estudantes do pasado ou do xa producido, senón creadores dos coñecementos que poden transformar tanto a visión do pasado como das estruturas que permiten o presente e o futuro; agora, cun compromiso implicado na creación de respostas fronte ás inxustizas e ás desigualdades.

•• 04. Boas prácticas

Os estudos no campo da filosofía introducen normalmente a capacidade crítica como un dos seus obxectivos máis importantes. Esta guía parte da base de que non hai forma de desenvolver tal capacidade crítica sen desfacerse dos prexuízos de xénero que impregnan a produción do coñecemento humanístico e filosófico, desde as súas orixes remotas até a actualidade. Neste sentido, a perspectiva de xénero deberá ser necesariamente introducida como unha competencia transversal nas materias e os módulos das diversas disciplinas filosóficas. Así, tanto se ensinamos ou aprendemos historia da filosofía como ontoloxía, epistemoloxía, filosofía política, antropoloxía filosófica, estética ou ética, cómpre propoñer como obxectivo básico interrogarnos sobre cuestións concretas con relación ao xénero.

Isto afecta, daquela, ás competencias instrumentais cognitivas, como a capacidade de reflexión e a capacidade de análise e síntese; ás competencias instrumentais metodolóxicas, como a resolución de problemas; ás competencias interpersoais individuais, como o razoamento crítico, o compromiso ético ou a capacidade de adaptación a novas situacións; ás competencias interpersoais sociais, como o recoñecemento da multiculturalidade e a diversidade, o tratamento de conflitos ou a capacidade de negociación; ás competencias sistémicas de organización, como a capacidade de aplicar coñecementos; ás competencias sistémicas de emprendemento, como a creatividade; ou as competencias sistémicas de logro, como o liderado.

Todas as competencias xerais mencionadas máis as competencias específicas están en gran medida relacionadas co obxectivo de preparar e incentivar os estudantes de filosofía para que xoguen, como establece o *Libro Blanco del Título de Grado en Filosofía* da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA)², «un papel determinante na configuración e vertebración dun espazo europeo constituído sobre bases de tanta proxección como son o pensamento racional crítico, a liberdade

² Pode consultarse no seguinte enderezo web: <https://bit.ly/2VRmiXx>.

de conciencia ou o recoñecemento da dignidade e dos dereitos dos seres humanos, ademais da xénese e o desenvolvemento da ciencia moderna e da tecnoloxía a ela asociada». Renovar hoxe este papel significa adecualo ás características da sociedade actual e isto implica necesariamente introducir a perspectiva de xénero.

É importante ter en conta que segundo a descrición que fai a ANECA, os graduados e as graduadas en filosofía son «profesionais do coñecemento», ao se entender como «persoas capaces de analizar, avaliar e ponderar criticamente argumentacións tanto de carácter teórico como de carácter práctico, e de construílas». Estas capacidades arestora, e nun escenario de proclamación de dereitos humanos e de igualdade xeneralizada e consensuada de forma ampla na maioría das sociedades, implican necesariamente a inclusión das mulleres e a perspectiva de xénero na construción do coñecemento, nos sistemas de pensamento e na argumentación filosófica.

O obxectivo será, xa que logo, non só poder ver en que medida os coñecementos están atravesados polas relacións de xénero, senón poder sacar á luz as estruturas que permitiron e permiten, aínda actualmente, seguir pensando, crear, escribir, ler ou falar desde, a priori, un punto que coloca uns seres humanos nunha precariedade e nun desapoderamento que os deslexitima a eles e os seus posibles saberes.

Como exemplo de desenvolvemento das competencias mencionadas cómpre interrogarnos constantemente polos outros, os que non están: quen son os e as que non están no pensamento?; quen son os e as que non están nos procesos de reflexión sobre o que somos e o que queremos?; quen son os e as que non aparecen nos manuais de historia da filosofía?; quen son os e as que non teñen palabra nin autoridade como referentes do pensamento nos diferentes procesos que a historia nos conta?

O obxectivo, con todo, non será reescribir a historia lineal nunha nova historia que vaia sumando progresivamente os grupos invisibilizados e subalternos, senón entender como se disciplinou (normalizou) o ámbito da filosofía. É dicir, entender que se fixo integrando saberes que negan outros saberes. Tan importante é desenterrar estes saberes e suxeitos negados

como ir creando un novo espazo para a filosofía cun coñecemento crítico que nos permita afastarnos dun coñecemento filosófico vulgar, que acaba el mesmo sen máis función cultural e social que a de transmitir e repetir as ideas, as mensaxes e os saberes das ideoloxías pasadas ou do momento.

Contidos

A continuación ofrecemos diferentes exemplos de como a perspectiva de xénero se pode integrar no contido das materias de filosofía.

MATERIAS DE TEORÍA DO COÑECIMENTO

A ANECA dinos que o seu contido é o estudo do coñecemento humano nos seus diferentes ámbitos (epistemolóxico, ontolóxico, comunicativo): a súa constitución, validez e límites. Como exemplo tomaremos a área de epistemoloxía, que estuda os fundamentos, os principios, a extensión e os métodos do coñecemento humano. Unha epistemoloxía estudará as circunstancias que envolven a produción do coñecemento. Usualmente, e desde a filosofía presocrática, separouse o verdadeiro coñecemento ou *episteme* da simple opinión ou *doxa*. Esta separación foi entendida polo xeral de forma que implicaba que o coñecemento ou *episteme* non comporta nin opinión nin ideoloxía. Isto, como sabemos hoxe, é unha idea en crise. A reflexión filosófica do século XX acepta que o coñecemento non é neutral e que tampouco podemos falar dunha ontoloxía transcendental desde a que erixir un suxeito universal que se identifica cunha razón universal e neutral respecto de circunstancias históricas e culturais.

Se o coñecemento patriarcal se lexitimaba nun suxeito cognoscente alio ás súas condicións corporais, culturais e históricas, agora sabemos que este suxeito se lexitimaba na ideoloxía patriarcal, que impoñía un suxeito concreto, o home, e as súas circunstancias concretas (branco, heterosexual, de clase apoderada etc.) como se fose un suxeito neutral e o único portador da razón pura e do coñecemento verdadeiro. A importancia do corpo no discurso filosófico do século XX, xunto coa recuperación das circunstancias de vida do suxeito (sexo/xénero, sexualidade, clase, cren-

zas, relixión etc.) levaron a epistemoloxía a revalorizar as propostas de correntes filosóficas como a hermenéutica ou a fenomenoloxía, que nos obrigan a tomar como esencial o punto de vista que sostén que non hai posibilidade de coñecemento neutral nin coñecemento de que se poida desfacer da mirada e das experiencias do observador/a.

O suxeito que coñece está «suxeito» precisamente a un cúmulo de circunstancias vitais e históricas que inflúen no coñecemento. A categoría de sexo/xénero é unha das circunstancias que máis peso tivo e ten sobre a vida humana, de tal forma que o que se entendeu como «verdadeiro coñecemento» foi normalmente proposto desde unha categoría concreta de sexo/xénero (a masculina ou do home). No século XXI, se queremos manter a división entre episteme e doxa, coñecemento e opinión, será necesario partir da idea dun suxeito «situado», é dicir, condicionado polas súas circunstancias de vida. A distinción entre estes dous conceptos filosóficos permanecerá na incorporación da intersubxectividade como ferramenta para facer valer un coñecemento filosófico (episteme) fronte á opinión (doxa), esencialmente. Autores e autoras contemporáneos como Michel Foucault ou Seyla Benhabib entre outros, desde diferentes posicionamentos filosóficos, permítennos facer esta crítica e renovar a epistemoloxía para facer fronte a estes retos.

MATERIAS DE FILOSOFÍA POLÍTICA E SOCIAL

A ANECA dinos que o contido destas materias é «a reflexión filosófica sobre a sociabilidade humana, a natureza dos fenómenos políticos e sociais, e as principais teorías políticas». Será fundamental, daquela, estudar a relación entre o individuo e a sociedade, así como analizar aspectos tales como o poder, as leis, o goberno, os dereitos, a propiedade, a liberdade, a igualdade e a xustiza. Estes conceptos foron normalmente pensados no ámbito de teorías filosóficas que non teñen en conta as diferenzas de sexo/xénero. Así, cumprirá fuxir de formulacións cuxo punto de partida sexa un suxeito universal en aparencia neutral e que realmente non tome en consideración as circunstancias históricas e de vida que rodean estes conceptos.

De maneira tradicional enténdese que «o estado» é precisamente o concepto que articula a relación entre individuo e comunidade. Desde a perspectiva de xénero, hai que entender o estado non só como o oposto ao parentesco e á familia; implica comprendelo como a organización social, política e económica conformada por institucións que regulan a vida en sociedade, mesmo de forma coactiva se é mester. En particular, resulta importante ver a manobra que supón a separación *polis-genos* (estado-parentesco) e as consecuencias que ten en relación co papel de homes e mulleres no estado. É tamén interesante incluír unha reflexión sobre a separación clásica entre a esfera pública e a esfera privada, que se utilizou para disociar as atribucións que as mulleres e os homes teñen na sociedade. Deste xeito, estableceuse a correlación polis-esfera pública-homes fronte á correlación genos-esfera privada-mulleres, creando así unha estrutura que permite, non só a separación dos xéneros, senón a opresión do último eixe.

Como exemplo docente para empregar na aula en relación con este debate pódese recuperar o mito de Antígona, de Sófocles, en que xa se propón unha lectura da política que non desvincula os dous conceptos, senón que afonda na relación innegable entre eles. Cando Antígona desafiaba as normas do estado para enterrar o seu irmán pon en crise a mesma distinción entre estado e parentesco. No seu exemplo podemos ver como a separación das esferas pública e privada foi trazada sobre a separación dos sexos. A esfera pública é o espazo das leis, do estado, da razón, da deliberación política e do sexo masculino; e a esfera privada é o espazo da familia, do parentesco, da paixón, das emocións e dos sentimentos, e do sexo feminino. Unha ollada nova e non sexista na filosofía política deberá cuestionar estas dicotomías.

Outro exemplo é o debate sobre o concepto de cidadanía. Na idea establecida hoxe de educar para contribuír a conformar un estado democrático e igualitario cómpre ensinar a reflexionar filosoficamente sobre o sentido do que isto significa. É neste marco de pensamento crítico que o feminismo se converte nun instrumento moi valioso á hora de desenmascarar os privilexios que se agochan detrás das prácticas culturais tradicio-

nais. Nas materias sobre cidadanía será imprescindible, en consecuencia, comezar cunha deconstrución dos mesmos conceptos de cidadanía, dereitos e democracia.

Por exemplo, ao explicar o concepto de «contrato social», que está na orixe das sociedades modernas, explicaremos que aquí reside o inicio dunha nova sociedade civil e unha nova forma de dereito político. Isto explica a relación da autoridade do estado e da lei civil, e tamén explica a lexitimidade do goberno civil moderno ao tratar a nosa sociedade como se tivese a súa orixe nun contrato. A partir deste modelo enténdese que as relacións sociais libres teñen unha forma contractual. Pois ben, como sinalou Carole Pateman (1995), o contrato orixinario é un pacto non só social, senón tamén sexual-social, en que a parte sexual do pacto foi silenciada. A tese di que a historia do pacto social é unha historia sobre o dereito político como dereito patriarcal ou sexual, é dicir, referido a un poder que os homes exercen sobre as mulleres.

O contrato social baséase na idea de que os habitantes do estado de natureza cambian as inseguridades da liberdade natural por unha liberdade civil que é protexida polo estado. Na sociedade civil a liberdade é universal, toda a cidadanía goza da mesma situación civil e pode exercer a súa liberdade. Con todo, nesta usual interpretación non se menciona que hai moito máis en xogo que a liberdade da cidadanía.

Pateman indícanos que a dominación dos homes sobre as mulleres e o dereito daqueles a gozar dun igual acceso sexual ás mulleres é un dos puntos clave na sinatura do contrato orixinal. Por iso mentres que o contrato social é unha historia de liberdade, o contrato sexual é unha historia de suxeición e subordinación. O contrato orixinal constitúe así a liberdade e a dominación simultaneamente, a liberdade para os homes e a suxeición para as mulleres. Por este motivo, a diferenza sexual é unha diferenza política, pois é a diferenza entre liberdade e suxeición, entre ser libre e ser dominada. Explicar o contrato social desta forma crítica axuda a comprender como se mantén a orde patriarcal nas sociedades modernas.

Avaliación

Unha avaliación sensible ao xénero nas diferentes materias de filosofía debe ter en conta, en primeiro lugar, a capacidade de usar unha linguaxe que non incorpore o suxeito masculino como universal. No entanto, alén de utilizar unha linguaxe non sexista, o coñecemento filosófico require unha constante reflexión crítica. Isto tradúcese nunha esixencia clara á hora de incorporar unha mirada non androxénica ou patriarcal cando se realice unha reflexión a modo de ensaio ou exame. O alumnado deberá mostrar a súa habilidade para poñer en dúbida teorías ou propostas filosóficas que asumen un suxeito e unha razón universais.

Á hora de avaliar, por tanto, será pertinente apreciar os intentos do alumnado para reformular conceptos desde unha mirada feminista ou non androcéntrica. Esta motivación é conveniente que se incentive con fórmulas de avaliación que permitan a reflexión aberta, con expresión de interrogantes e dúbidas e con cuestionamentos eficaces que poidan conducir o alumnado a estadios de comprensión superior, é dicir, a un razoamento crítico verdadeiramente que poña en dúbida as propias conviccións.

Aínda que a filosofía avanza caracteristicamente a base de preguntas, ao xeito dun diálogo socrático, non será xa pertinente forzar que estas preguntas sexan de carácter só teórico ou abstracto. Entendemos que como a situación, as circunstancias culturais e históricas e as diferenzas son fundamentais para entender os conceptos, será necesario avaliar tanto a capacidade do alumnado de referirse a situacións concretas como a de facer grandes abstraccións. A avaliación debería ter en conta as dúas capacidades, xa que manernos a un só nivel reflicte unha grave carencia na comprensión filosófica. Por exemplo, tan importante é incorporar a voz das mulleres filósofas nun período determinado da historia da filosofía como comprender a estrutura do pensamento que impediu a súa presenza na filosofía.

Ao mesmo tempo, é importante que a aprendizaxe da filosofía se realice de forma que supoña un compromiso ético para a acción. Aínda que polo xeral se entendeu a filosofía como un ámbito case exclusivamente de reflexión teórica, a capacidade de aplicar os coñecementos para resolver

conflictos e problemáticas é unha das competencias básicas dos estudos de filosofía. Que esta capacidade vaia da man dun compromiso ético é o que pode motivar a acción. Este compromiso ético coa igualdade das mulleres e os homes é importante que tamén se valore na aprendizaxe do alumnado. Como suxestión, unha forma de valorar este compromiso é motivar os alumnos para iren alén da simple exposición.

Nos estudos de filosofía pídese adoito que se expoñan as teorías en diálogo, ligadas coas outras, a contrastar, por exemplo, a argumentación sobre o concepto de razón que dan autores tan diferentes como Kant e Hegel, ou sobre o concepto de coñecemento que ofrecen Descartes e Hume. É neste contraste que o/a estudante se obriga a argumentar e aprende así non só as diferentes teorías dos autores contrapostos, senón a argumentar de forma autónoma. Deste xeito, avaliamos tanto o coñecemento de teorías e autores/as como a capacidade de falar e argumentar filosoficamente.

O que se propón aquí é incluír a interrogante do modelo (igualitario ou non) desde a que as diferentes teorías e autores propuxeron pensar conceptos como os mencionados, razón e coñecemento. É dicir, Kant e Hegel pensan e argumentan moi distintamente sobre como concibir a razón, ora ben, que modelo de suxeito teñen cando definen o concepto de razón? Ambos parten, de feito, dun modelo similar de suxeito: masculino, branco, occidental, dunha clase social determinada. Realizar este exercicio implica situarnos nun punto onde debemos enfrontarnos directamente co autor e as súas teorías e conceptos. Non só aprendemos a confrontar ou facer dialogar un autor con outro, unha teoría con outra, senón que entramos en debate directamente co autor nun verdadeiro exercicio filosófico de cuestionamento desde o concepto matriz de igualdade.

Neste sentido, non só avaliamos o alumnado canto ao seu coñecemento de autores, teorías e conceptos, e a súa capacidade de argumentar, senón tamén na súa competencia para interrogar todo iso desde o concepto de igualdade como principio reitor, para que a igualdade non sexa unha teoría e si unha práctica. Por iso, levar a cabo este tipo de activida-

des e avaliacións motiva unha aprendizaxe activa que vai incorporando a importancia da igualdade na reflexión filosófica. Se esta aprendizaxe se combina cunha esixencia ao alumnado para establecer relacións con testemuños reais do contexto histórico do autor estudado ou da actualidade, teremos a oportunidade de avaliar tamén a súa capacidade crítica e o seu compromiso ético coa igualdade.

Modalidades organizativas das dinámicas docentes

O paradigma organizador do ensino da filosofía centrouse tradicionalmente: a) na clase maxistral; b) os grandes textos filosóficos como modelos de pensamento acabado; e c) a disertación por escrito. Daquela, ares-tora cómpre desenvolver métodos de ensino máis activos para incorporar a perspectiva de xénero, xa que é un aspecto innovador que non se atopa nos textos filosóficos tradicionais.

Deste xeito, faise necesario ter en conta a argumentación do alumnado nas súas diferentes formas: clase dialogada, exposición, e traballo en grupo. Isto implica organizar as dinámicas docentes atendendo a prácticas filosóficas que se vinculan cos novos escenarios que a realidade actual formula, directamente. O obxectivo máis importante deste ensino é que o alumnado aprenda a pensar por si mesmo, a filosofar como método para construír un pensamento propio que leve a unha visión crítica e transformadora do mundo. Este tipo de «cultura filosófica» irase construíndo na aula coa exposición de problemáticas reais, entre elas a desigualdade de xénero como unha das máis persistentes. Así pois, o paradigma clásico que mencionamos antes deberá completarse, como sinala Tozzi (2007, 2008), co paradigma democrático-discutidor e co paradigma praxeolóxico-ético.

O obxectivo do paradigma democrático será tentar aprender cunha pretensión democrática. Desta forma, incluír a perspectiva de xénero nos ensinos filosóficos concíbese como unha educación para a cidadanía. A idea que está na base é que a democracia, como réxime político, necesita unha cidadanía reflexiva, é dicir, resistente ás desviacións, sempre posibles, da democracia, como as desigualdades de xénero. Por outra parte, o

obxectivo do paradigma praxeolóxico-ético é orientarse reflexivamente na acción, esforzándose na clarificación e xerarquización dos valores. Neste paradigma a atención céntrase na praxe, na acción, para aprender a actuar, e non só a pensar, de acordo cuns valores. Entre estes valores o da igualdade é un valor de primeira orde nas sociedades democráticas en que vivimos e aprendemos.

Engadir o paradigma democrático e o paradigma ético aos outros paradigmas clásicos (clase maxistral, textos filosóficos clásicos e disertación) é unha forma de asegurar que a inclusión da igualdade no proceso de ensino-aprendizaxe da filosofía afiance un dos obxectivos máis importantes nos estudos dos graos en filosofía: comprender o mundo para transformalo, como dixo Marx.

En sintonía co que estamos a dicir, a mellor modalidade organizativa do ensino da filosofía con perspectiva de xénero será a que combine a clase teórica coas clases prácticas. Para visualizar as diferenzas, un elemento clave para comprender e revelar aspectos identitarios invisibilizados até agora, serán necesarias lecturas e explicacións teóricas que comporten a necesidade de debate cos textos. As clases teóricas de explicación das teorías ou sistemas de pensamento deberían combinarse con clases prácticas de diálogo coas teóricas e textos, en que se expoñan dilemas morais para aprender a clarificar e xerarquizar valores. E, finalmente, con seminarios-obradoiros onde o alumnado teña que reflexionar sobre casos concretos que poñen en dúbida principios e teorías establecidos como «lexitimados».

A importancia nos estudos de filosofía da interpretación, a intersubxectividade e a aprendizaxe a través do diálogo farán preciso que a dinámica docente considere espazos con dinámicas de comunicación moi abertas e sen prexuízos de ningún tipo. É fundamental, por tanto, vixiar en especial os preconceptos en referencia ao sexo/xénero e á sexualidade, dado que están naturalizados mesmo na linguaxe, tanto cotiá como filosófica.

Sendo o obxectivo máis importante da filosofía revisar criticamente o que somos e o que pensamos, tamén cómpre promover a autocrítica como ferramenta docente esencial. Á parte das clases teóricas, as clases prác-

ticas de diálogo aberto e os obradoiros-seminarios de estudo de casos e experiencias concretos, é interesante pedir ao alumnado que realice prácticas que poden consistir precisamente nunha autoanálise que revise a súa comprensión e expresión dos conceptos filosóficos en relación cos prexuízos máis comúns ao redor do sexo/xénero e da sexualidade. Este exercicio constante de autoanálise axuda a mellorar a reflexión filosófica e a ser máis consciente das relacións de poder de xénero e dominio existentes. Tal comprensión pode significar o compromiso ético necesario para cambiar as realidades inxustas.

Xa que logo, unha pedagogía filosófica feminista implica unha revisión constante (que é ao final unha parte clave) do pensamento filosófico, dos sistemas de crenzas e valores. Os coñecementos adquiridos por máis eruditos, amplos e abstractos que foren, deixarán pegada nas nosas eleccións e valoracións cotiás.

Métodos docentes

O método docente por excelencia en filosofía é o diálogo, co obxectivo de aprender a pensar criticamente. O método dialóxico, de intercambio de reflexións, de preguntas, expresión de dúbidas, respostas etc. debe ter como primeiro nivel de reflexión crítica poñer en cuestión os preceptos básicos que definen o dominio da filosofía e os valores que lle son propios. Desde a aprendizaxe da filosofía como espazo de igualdade entre homes e mulleres será prioritario facer unha reflexión crítica sobre o canon filosófico. Como este non é neutro, no diálogo terá que deixarse claro que tampouco é inocente nin obxectivo, e que moi a miúdo os canons están impregnados de prexuízos sexistas.

No diálogo é imprescindible que profesorado e alumnado sexan capaces de examinar o subtexto de xénero que aparece nas diferentes teorías e reflexións filosóficas. As marcas de sexo/xénero invaden os textos e as argumentacións filosóficas, e son xeralmente o apoio da exclusión das mulleres. Por este motivo, o método docente deberá incidir na aprendizaxe da atención plena aos argumentos e as palabras, tanto para desfacer

prexuízos como para poder ser creativos á hora de propoñer argumentacións que non caian en exclusións ou minorizacións. O desenvolvemento da capacidade crítica permitirá formular alternativas normativas libres de prexuízos de sexo/xénero.

É importante saber guiar o alumnado polos sitios que permiten o espertar de argumentacións falsas e crenzas acrícticas en relación cos prototipos de home/muller e masculino/feminino, ou heterosexual/homosexual. Neste sentido, pódese conducilo de forma que toda pregunta provoque outra pregunta. Por exemplo: se preguntamos como entende Kant a liberdade, non só será pertinente esperar que responda o que Kant mesmo di, senón que será transformador pedir que o alumnado vaia máis aló e se interrogué sobre quen pode e quen non pode exercer a liberdade. Asemade, isto lévanos a outras preguntas: por que se algunhas persoas non poden exercer a liberdade as vincula Kant á lei universal?, é que hai posibilidades diferentes de ser libre, con niveis de liberdade diferenciada segundo a identidade? Pero se é así, por que a filosofía kantiana fala dun suxeito universal?, non é unha contradición? Ou é que estamos nun discurso ideal? No mundo ideal de Kant, hai igualdade?

Na reflexión filosófica é importante empregarmos unha linguaxe non sexista, non só para buscar unha fórmula lingüística que sexa integradora, senón para evitar pensamentos e teorías nesgadas que de maneira inconsciente nos poidan conducir a repetir estereotipos de xénero. Se a procura de explicacións xerais ou mesmo universais dos fenómenos humanos é un dos obxectivos primordiais da filosofía, debemos ter en conta que isto non cause a creación de estruturas e teorías de pensamento que exclúan individuos ou grupos humanos.

En concordancia con este requisito é necesario seleccionar temáticas docentes que poidan establecer relacións de sentido con todos os individuos e grupos humanos. O obxectivo ideal de estudar temáticas filosóficas é presentar problemáticas que nos axuden a reflexionar sobre a humanidade do xeito máis amplo posible, e a indicar, cando for necesario, se hai diferenzas que cómpre ter en conta nos grupos humanos. Non vale, como

noutros momentos se puido facer, propoñer un «suxeito neutral» que por vontade de ser universal acabe negando as diferenzas respecto do modelo proposto. Se existe a posibilidade de falar dun suxeito humano con capacidade de representación universal terase en conta que este suxeito non se identifica con ningunha identidade concreta, xa que iso deslexitima rapidamente este universal. Só tendo en conta o alcance das diferenzas humanas podemos chegar a un consenso sobre o que é un ser humano nun sentido xeral ou universal.

Tamén deberemos ter en conta que cómpre que as temáticas expostas na reflexión filosófica recollan os intereses de todos os grupos humanos, e non só daquel grupo hexemonicamente lexitimado por unha ideoloxía determinada de poder, como a patriarcal. Así, será necesario integrar cuestións que a filosofía excluíu do seu ámbito de reflexión, como o coidado, o corpo, a sexualidade, as relacións familiares ou a intersubxectividade, por exemplo.

Son intereses que polo xeral quedan fóra do ámbito da filosofía precisamente por, segundo se supón, non estar relacionados de forma directa cun determinado concepto de racionalidade. Agora sabemos que unha concepción que separa radicalmente a razón da emoción e os sentimentos non é ningunha representante fidedigna de como funcionamos os seres humanos. Ao ter en conta estas recomendacións será habitual que a problemática da igualdade de xénero apareza nas reflexións e os debates na aula. Este feito enriquecerá o debate e formará o alumnado na importancia da igualdade e a xustiza social como elemento clave da reflexión filosófica.

Na aula será necesario manter un ambiente cordial que amose que a visibilización do xénero non é en ningún caso unha «guerra de sexos», senón unha débeda do pensamento filosófico ao máis alto nivel. Unha filosofía que integra a perspectiva de xénero aspira á excelencia. Neste sentido, será importante que o debate e o diálogo, característicos tanto do ensino como da filosofía, poidan fluír respectando o tempo e as palabras, e cunha esixencia máxima de respecto ás diferenzas que cada persoa relate. Como exercicio interesante para revelar a importancia das diferenzas é conveniente facer experiencias de cambio de roles, tentando que tanto o profesorado como o alumnado se poñan no lugar do outro.

•• 05. Recursos docentes

Textos de referencia para introducirse na reflexión sobre a filosofía desde a perspectiva crítica de xénero

AMORÓS, Celia (1985). *Hacia a unha crítica da razón patriarcal*. Barcelona: Anthropos.

Libro fundamental para ver como tratar a historia da filosofía desde o feminismo.

COBO, Rosa (1995). *Fundamentos del patriarcado moderno*. Jean Jacques Rousseau. Madrid: Cátedra.

Recomendable para expoñer de forma clara como os principios ilustrados e o discurso da igualdade caen en contradicións absurdas na maioría dos filósofos modernos.

FRAISE, Genevieve (1991). *Musa de la razón*. Madrid: Cátedra.

Este libro, en forma de ensaio, será moi útil para explicar e comprender o tratamento que a democracia moderna dá á diferenza entre sexos, e, por tanto, amosar as contradicións da modernidade e da filosofía e os filósofos modernos. Servirá tamén para ver os argumentos que usan as mulleres ilustradas para indicar estas contradicións.

GOSSELIN, Abigail; CHAPLIN, Rosalind e HODGES, Emily (2017). «Bibliography of Feminist Philosophers Writing about the History of Philosophy». *The Stanford Encyclopedia of Philosophy*. <https://stanford.io/2zkX1O5>.

Texto moi útil para ter listas bibliográficas de filósofas invisibilizadas ao longo da historia, e tamén sobre como facer historia da filosofía dos autores e sistemas de pensamento clásicos con perspectiva de xénero.

STUART MILL, John e TAYLOR, Harriet (2000). *Ensayos sobre la igualdad de los sexos*. Madrid: Antonio Machado.

Publicado orixinalmente en 1869 co título *O sometemento das mulleres*, é unha análise marabillosa da situación destas, así como unha chamada á acción política. De grande utilidade para ver como desde a filosofía do século XIX se pode argumentar filosoficamente a favor da igualdade real e como o contexto, sen ser favorable, se podía transgredir.

TUANA, Nancy (1992). *Women and the History of Philosophy*. Nova York: Paragon Press.

Un texto clásico que ofrece discusións feministas plenamente accesibles sobre figuras clave na historia da filosofía occidental. Moi recomendable para introducir cuestións de xénero na historia da filosofía.

VALCÁRCEL, Amelia (1991). *Sexo y Filosofía*. Madrid: Anthropos.

Este texto sobre o sexo como construción normativa é necesario para dotar a crítica filosófica e a filosofía patriarcal dunha dimensión política, e, daquela, para vincular a teoría e a acción.

WITT, Charlotte e SHAPIRO, Lisa (2017). «Feminist History of Philosophy». *The Stanford Encyclopedia of Philosophy*. <https://stanford.io/2RWwzAV>.

Texto esencial para ver a crítica feminista ao canon filosófico e os conceptos clave da filosofía nas diferentes etapas da historia da filosofía.

Textos sobre metodoloxía, para facilitar a alumnado e profesorado a reflexión sobre por que é importante a perspectiva de xénero no pensamento

BOSCH, Esperanza; FERRER, Vitoria; NAVARRO, Capilla e FERREIRO, Virginia (2008). «La universidad que queremos las feministas». *Mujeres en Red* 05/2008. <https://bit.ly/2Kpc5MU>.

Texto xeral que pode servir como introdución para asentar a importancia da perspectiva de xénero en calquera coñecemento xerado na universidade e concienciar sobre a necesidade de uso de metodoloxías adecuadas respecto diso.

EICHLER, Margrit (1997). «Feminist Methodology». *Current Sociology*, 45(2): 9-36.

Un artigo que condensa o debate sobre se hai unha metodoloxía feminista ou non, e, en todo caso, por que é importante e preciso para construír un coñecemento obxectivo utilizar unha perspectiva de xénero.

EICHLER, Margrit (1988). *Non Sexist Research Methods. A practical Guide*. Boston: Allen & Unwin.

Esta guía que se converteu xa nun clásico serve para mostrar por que e como se deben empregar métodos de investigación non sexistas.

FRICKER, Miranda (2007). *Injusticia epistémica*. Barcelona: Herder.

Obra moi citada que revela os aspectos éticos e políticos subxacentes na nosa forma de coñecer e comprender, e que aposta por reconducir a nosa conduta epistémica cara a un terreo de racionalidade e de xustiza.

HASLANGER, Sally (2008). «Changing the Ideology and Culture of Philosophy: Not by Reason (Alone)». *Hypatia*, 23(2): 210-223.

Artigo útil para analizar unha cuestión relevante para o alumnado como futuro profesional da filosofía: ten a filosofía problemas co xénero?

TUANA, Nancy (2006). «The Speculum of Ignorance». *Hypatia* 21(3): 1-19.

Artigo que propón o concepto de «epistemoloxía da ignorancia» como crítica ao pensamento e ás metodoloxías patriarcais.

Textos para constituír un corpus filosófico non sexista para levalo á práctica en obradoiros na clase

FEMENÍAS, M.^a Luisa e SPADARO, M.^a Cristina (2012). «Taller de sensibilización sobre a exclusión de género y mecanismos de inferiorización», en ídem (comps.), *Enseñar filosofía, hoy* (171-180). La Plata: Edulp.

É un exemplo de obradoiro filosófico de debate sobre textos de autores clásicos co obxectivo de sensibilizar sobre a perspectiva de xénero na filosofía.

PULEO, Alicia (2012). «Aplicación pedagógica: textos con guía de lectura», en FEMENÍAS, M.^a Luisa e SPADARO, M.^a Cristina (comps.), *Enseñar filosofía, hoy* (161-170). La Plata: Edulp.

Recolle textos filosóficos para debater, cunha guía de lectura moi útil.

SPADARO, M.^a Cristina (2012). «Taller docente: La perspectiva de género en la filosofía y en su enseñanza», en ídem e FEMENÍAS, M.^a Luisa (comps.), *Enseñar filosofía, hoy* (181-190). La Plata: Edulp.

Trátase dun texto que explica como organizar un obradoiro con perspectiva de xénero no ensino da filosofía.

Filmes que mostran a traxectoria de mulleres filósofas que contestaron ao patriarcado

- *The Examined Life*, de Astra Taylor, 2008.
- *Ágora*, de Alejandro Amenábar, 2009.
- *Hannah Arendt*, de Margarethe von Trotta, 2012.
- *María querida*, de José Luis García Sánchez, 2004.

Vídeos con intervencións sobre como facer filosofía non sexista

- *Raíces del patriarcado postmoderno: Sade y Bataille*, Alicia Puleo: <https://bit.ly/3cGzd5H>.
- *Celia Amorós, maestra de pensamiento*, UNED: <https://bit.ly/2Ko6beW>.

Documéntanos a vida, obra e pensamento da filósofa feminista máis importante de España. Mostra tanto como a filosofía excluíu ás mulleres, como as posibilidades de transgredir este ordenamento filosófico patriarcal

- *Sexo y filosofía, sobre mujer y poder*, Amelia Valcárcel: <https://bit.ly/3bsD85D>.

Blogs e webs sobre mulleres e filosofía

What Is It Like To Be a Woman in Philosophy?

<https://bit.ly/2wVe9ZM>

Blog participativo dedicado a recoller observacións curtas enviadas polas persoas lectoras sobre as experiencias das mulleres no eido da filosofía.

Feminist Philosophers

<https://bit.ly/34VQcOA>

Blog participativo de filósofas e filósofos feministas que teñen como obxectivo manterse alerta sobre feitos, publicacións, eventos, experiencias etc. relacionados co pensamento filosófico desde a perspectiva de xénero.

Philosophy Talk

<https://bit.ly/2VNodMV>

Philosophy Talk é unha web que pretende identificar e cuestionar asuncións e formas de pensar doutras maneiras. Está dedicado ao pensamento que se posiciona de forma crítica cos canons filosóficos. É un recurso que prioritariamente incorpora audios, como o que ten sobre a cuestión de xénero.

Filosofía&co.

<https://bit.ly/2RWN1B6>

Web xeral de filosofía que deita unha ollada de xénero na historia da filosofía.

Redes sociais

#LasMujeresTambiénPiensan

<https://bit.ly/2XTyDo3>

Campaña da Rede Española de Filosofía contra a invisibilización das mulleres na filosofía en YouTube. Pódense ver diferentes vídeos curtos que nos falan de diferentes filósofas do pasado e do presente. Máis información, e máis actualizada, desta campaña, en Twitter: #lasMujeresTambiénPiensan

Filosofía&co en Twitter: @_filco

<https://bit.ly/2wYSlah>

Rede Españolade Filosofíaaen Twitter: @REF_Filosofia

<https://bit.ly/34SR6vm>

Sociedade de Filosofía Aplicada (SOFIA) en Facebook: @Sociedadefilosofiaplicada

<https://bit.ly/2VMnLhT>

Perfil de Facebook que pretende examinar as posibilidades dunha razón crítica que non caia no machismo e as exclusións da filosofía patriarcal.

•• 06. Ensinar a facer buscas sensibles ao xénero

A investigación sensible ao xénero no ámbito da filosofía debe integrar a perspectiva de xénero con coñecementos e técnicas concretas para desfacerse da idea de que hai unha visión neutral e universal. O obxectivo da investigación en filosofía é conseguir unha explicación e unha interpretación dos fenómenos humanísticos que nos axude a comprender a complexidade do ser humano e do mundo que crea e que o rodea. Esta complexidade débese non só á diversidade humana, senón tamén ás peculiaridades que cada momento histórico, cada cultura, cada grupo humano e mesmo cada individuo mostran.

Por que é especialmente relevante a perspectiva de xénero no TFG e no TFM? En primeiro lugar, para ver como ao longo dos estudos de grao ou posgrao maduraron os contidos curriculares das diferentes materias filosóficas en harmonía coa perspectiva de xénero. E, en segundo lugar, porque o TFG e o TFM supoñen unha experiencia nova tanto para o profesorado como para o alumnado.

Para o alumnado supón o primeiro traballo de investigación que deberá defender en público. Aínda que sexa un traballo titorizado, esíxeselle autonomía á hora de investigar. Neste sentido, no TFG e o TFM hai amplas posibilidades de incorporar a perspectiva de xénero. O profesorado, pola súa vez, deberá ser sensible no momento de propoñer temáticas e apoiar as eleccións do alumnado canto ao feito diferenciador que supón introducir a perspectiva de xénero. Esta perspectiva non se debe introducir como un apartado ao final do traballo, onde se engaden algunhas autoras de exemplo ou se indica a importancia de ter en conta a perspectiva de xénero. É necesario que a perspectiva de xénero sexa utilizada desde o principio e que impregne de forma transversal as diferentes fases da investigación.

Para investigar dun xeito sensible ao xénero débese cambiar a mirada habitual dos manuais respecto do que é a filosofía. Débense cambiar, así mesmo, os criterios, a percepción da realidade, e, por tanto, as posibilida-

des de actuar nela para transformala. Debemos ter en conta que o TFG ou o TFM non son meros produtos, son todo un proceso de aprendizaxe, que no caso das materias filosóficas debe conducir a unha formación investigadora que vaia ás orixes do que estamos a buscar. Ademais, farao de forma crítica.

É dicir, a procura filosófica non pode ser unha simple descrición, cómpre que sexa reflexiva e crítica. Isto demanda ter unha vocación rompedora, que se afaste dos modelos marcados que repiten comportamentos de invisibilización, negación ou minorización de coñecementos. Por iso, nin voluntaria nin involuntariamente, nin consciente nin inconscientemente, quen investiga nas áreas filosóficas pode permitirse o esquecemento do compromiso ético coa igualdade e a xustiza. As prácticas sexistas no coñecemento filosófico, tan habituais noutras épocas, non poden ter lugar na educación nin na formación, nin na procura.

O profesorado que titoriza un traballo deberá ser sensible á perspectiva de xénero para poder axudar o alumnado na procura filosófica. A discriminación de xénero afecta a crenzas moi profundas e prácticas cotiás sumamente arraigadas. Por iso, requírese tanto convicción como sutileza para introducirse no proceso de ensino-aprendizaxe. O ámbito filosófico, entendido normalmente como alleo aos prexuízos, está cheo deles, sobre todo canto ao sexo/xénero.

Será, xa que logo, importante que o profesorado asesore o alumnado á hora de propoñer e escoller temáticas para a súa pescuda, e que as revise, para non caer en repeticións acrícticas dos prexuízos de sexo/xénero. Tamén é importante evitar dalgunha maneira que sexan as estudantes as que acaben por facer case en exclusiva a investigación sobre aspectos de xénero ou por integrar a perspectiva de xénero nos seus traballos. O profesorado deberá motivar a todos, homes e mulleres, a facer investigación desde a perspectiva de xénero. É ineludible, neste sentido, incentivar a introdución da perspectiva de xénero en todos os ámbitos filosóficos, non só naquelas materias máis sensibles ao xénero.

A modo de exemplo práctico, pódese seguir a lista de control deseñada pola Unión Europea para axudar a incorporar a perspectiva de xénero

na investigación. Co obxecto de adaptar as súas suxestións á filosofía, cumprirá asegurarnos de formar grupos de investigación cunha composición equilibrada de mulleres e homes, non só do punto de vista cuantitativo, senón tamén no tocante á repartición dos postos de responsabilidade e liderado. A disciplina filosófica aínda é unha disciplina bastante masculina, non só porque hai máis homes que profesionalmente se dedican a ela, senón porque os postos de poder e responsabilidade están sobre todo ocupados por homes. Este aspecto é claro se observamos a profesión docente, mais resulta manifestamente evidente cando nos fixamos na investigación nas universidades e nos institutos de investigación.

No relativo ás temáticas para traballar e os proxectos para desenvolver, teremos que ter en conta que non só trataremos de incorporar as voces das mulleres que se silenciaron na filosofía, senón tamén de integrar conceptos e temáticas que se rexeitaron por considerarse femininas. Así, non só é importante recuperar as voces de mulleres, como xa se foi facendo ao longo das últimas décadas, cómpre tamén incorporar preocupacións e conceptos que foron minorizados por non resultar «abondo» filosóficos. Pensamos, por exemplo, no coidado ou na sexualidade, polos que non se amosou interese até hai moi pouco. As propostas de investigación deberán incorporar así alertas en cada unha das fases (proposta, investigación e divulgación) para asegurar unha correcta introdución da perspectiva de xénero.

Cando recollamos datos e experiencias haberá que desagregalos segundo as variables identitarias de sexo/xénero, sexualidade, etnia, cultura, clase etc., para incorporar ao máximo unha representación tan diversa como a mesma realidade que estamos a tratar. Aínda que a investigación filosófica enfoca normalmente cuestións relativas á humanidade en xeral, como a liberdade, a xustiza, o coñecemento ou os valores éticos, é indubidable que estas nocións están impregnadas de feitos diferenciais que marcan de maneira inequívoca o que pensamos sobre estes conceptos. Así, buscar teorías sobre a liberdade implica non só recoller o pensamento e as teorías sobre o concepto, senón interrogarse sobre quen é o suxeito ideal sobre o que se expoñen estas teorías.

•• 07. Ferramentas de consulta

Webgrafía

- Gender and Education Association (GEA)
<https://bit.ly/2VM1lbm>
Páxina da asociación máis importante no ámbito internacional sobre educación e xénero, para todas as disciplinas educativas.
- Institute of Historical Sciences, Faculty of Arts and Philosophy, University of Pardubice: Formulation of Gender in Philosophy
<https://bit.ly/2VLB6XO>
- Pedagogía.: perspectiva de xénero: da reflexión á acción pedagóxica
<https://bit.ly/2XWEFxe>
- Organización dos Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura: elementos para unha educación non sexista
<https://bit.ly/2KqJczW>
- InteRed ONGD: pedagogía dos coidados
<https://bit.ly/2VHpW6g>
- Pañuelos en Rebeldía: feminismo e educación popular
<https://bit.ly/2zeAodY>
- Project VOX
<https://bit.ly/2yz3AvY>
- Feminist Philosophers
<https://bit.ly/2XW5gdN>
- International Association of Women Philosophers
<https://bit.ly/2xOESYx>

Ligazóns a guías docentes de materias específicas de xénero

- Filosofías do Xénero (Universidade Jaume I)
<https://bit.ly/2xQlfPF>

- Filosofía, Emancipación e Xénero (Universidade de Alcalá)
<https://bit.ly/2VtxtXK>
- Educar en Igualdade de Xénero (Universidade de Alacant)
<https://bit.ly/2zmNo1>
- Filosofía, Xénero e Igualdade (Universidade de Murcia)
<https://bit.ly/3aso7Q4>
- Antropoloxía e Filosofía do Xénero (Universidade de Santiago de Compostela)
<https://bit.ly/2VsAuYb>
- Pensamento Feminista (Universidade de Sevilla)
<https://bit.ly/2XTRA2H>
- Textos e Problemas da Filosofía Feminista (Universidade de Zaragoza)
<https://bit.ly/3cEhAmV>
- Teoría e Crítica Feminista (Universidade Complutense de Madrid)
<https://bit.ly/2KrAXDz>
- Pensamento Ético Feminista (Universidade de La Laguna)
<https://bit.ly/3cH4sh1>
- Xénero e Filosofía (King's College London)
<https://bit.ly/2RXzMqY>

•• 08. Para afondar

Bibliografía de referencia:

- ABAD, Itziar (2012). «¿Para qué una escuela de empoderamiento?». *Pikara* 26/10/2012. <https://bit.ly/2yCtgbI>.
- ALANEN, Lilli e WITT, Charlotte (eds.) (2004). *Feminist Reflections on the History of Philosophy*. Dordrecht/Boston: Kluwer Academic Publishers.
- ALONSO, Graciela e DÍAZ, Raúl (2002). *Hacia una pedagogía de las experiencias de las mujeres*. Bos Aires: Miño y Dávila editores.
- AMORÓS, Celia (ed.) (2000). *Feminismo y filosofía*. Madrid: Síntesis.
- AMORÓS, Celia (1997). *Tiempo de Feminismo. Sobre feminismo, proyecto ilustrado y postmodernidad*. Madrid: Cátedra.
- AMORÓS, Celia (1992). «Notas para una teoría nominalista del patriarcado». *Asparkia*, 1: 41-58.
- AMORÓS, Celia (1990). «El feminismo, senda no transitada de la Ilustración». *Isegoría*, 1: 139-150.
- AMORÓS, Celia (1985). *Hacia una crítica de la razón patriarcal*. Barcelona: Anthropos.
- AMORÓS, Celia e DE MIGUEL, Ana (2005). *Teoría Feminista: de la Ilustración a la globalización*. Madrid: Minerva Ediciones.
- ANTONY, Louise (2012). «Different Voices or Perfect Storm: Why Are There So Few Women in Philosophy?». *Journal of Social Philosophy*, 43(3): 227-255.
- ARENDT, Hannah (1995). *De la historia a la acción*. Barcelona: Paidós.
- BIRULÉS, Fina (ed.) (1992). *Filosofía y género. Identidades femeninas*. Pamplona: Palmiela.
- DE BEAUVOIR, Simone (1999). *El segundo sexo*. Madrid: Cátedra.
- DEUTSCHER, Penelope (1997). *Yielding Gender: Feminism, Deconstruction and the History of Philosophy*. Londres/Nova York: Routledge.
- EUROPEAN INSTITUTE FOR GENDER EQUALITY (2016). *Gender Equality Glossary and Thesaurus*. <https://bit.ly/3eNb7YX>.

- FENNELL, Shailaja e ARNOT, Madeleine (2009). *Decentralizing hegemonic gender theory: the implications for educational research*. <https://bit.ly/2S1ny9l>.
- FRICKER, Miranda e HORNSBY, Jennifer (eds.) (2000). *Feminism in Philosophy*. Cambridge: Cambridge University Press.
- FUNDACIÓN MULLERES (2006). *Mujeres y hombres por la igualdad. Guía de sensibilización y formación en igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres*. Madrid: Instituto da Muller.
- GAML, Mohamed (2015). *Reflexiones y propuestas para introducir la filosofía feminista en los estudios pre-universitarios*. Trabajo de fin de máster presentado na Universidade de Oviedo no marco do Máster Universitario en Xénero e Igualdade. <https://bit.ly/3auRQrM>.
- GATENS, Moira (1991). *Feminism and Philosophy: Perspectives on Difference and Equality*. Indiana: Indiana University Press.
- GORE, Jennifer M. (1992). «La ética foucaultiana y la pedagogía feminista». *Revista de Educación*, 297: 155-178.
- HASLANGER, Sally (2011). «Are We Breaking the Ivory Ceiling?». *Philosophical Studies*, 156(1): 33–63.
- HASLANGER, Sally (2008). «Changing the Ideology and Culture of Philosophy: Not by Reason (Alone)». *Hypatia*, 23(2): 201-223.
- HOOKS, Bell (1994). *Teaching to Transgress. Education as the Practice of Freedom*. Nova York/Londres: Routledge.
- KITTAY, Eva Feder e MARTÍN, Linda (2007). «Introduction: Defining Feminist Philosophy», en ídem (eds.) *The Blackwell Guide to Feminist Philosophy* (1-13). Cambridge: Blackwell Publishing,.
- KOROL, Claudia (coord.) (2007). *Hacia una pedagogía feminista. Géneros y educación popular*. Bos Aires: El Colectivo/América Libre.
- KOURANY, Janet A. (2010). «How Do Women Fare in Philosophy Journals? An Introduction». *APA Newsletter on Feminism and Philosophy*, 10(1): 4-24.
- KOURANY, Janet A. (ed.) (1998). *Philosophy in a Feminist Voice. Critiques and Reconstructions*. Princeton: Princeton University Press.

- LLOYD, Genevieve (ed.) (2002). *Feminism and History of Philosophy*. Oxford: Oxford University Press.
- LLOYD, Genevieve (1984). *The Man of Reason: «Male» and «Female» in Western Philosophy*. Londres: Methuen.
- LUKE, Carmen (comp.) (1996). *Feminismos y pedagogías en la vida cotidiana*. Madrid: Morata.
- MARTÍN, Linda (2003). *Singing in the Fire: Stories of Women in Philosophy*. Lanham: Rowman & Littlefield Publishers.
- MARTÍNEZ, Irene (2016). «Construcción de una pedagogía feminista para una ciudadanía transformadora y contra-hegemónica». *Foro de Educación*, 14(20): 129-151.
- MOLINA, Cristina (1994). *Dialéctica feminista de la Ilustración*. Barcelona: Anthropos.
- OKIN, Susan Moller (1979). *Women in Western Political Thought*. Princeton: Princeton University Press.
- PATEMAN, Carole (1995). *El contrato sexual*. Barcelona: Anthropos.
- PULEO, Alicia (2000). *Filosofía, género y pensamiento crítico*. Valladolid: Universidad de Valladolid.
- REVERTER-BAÑÓN, Sonia (2003). «La perspectiva de género en la filosofía». *Feminismo/s*, 1: 33-50.
- RÍOS, Maribel (2015). «Pedagogía feminista para la equidad y el buen trato». *Revista Internacional de Ciencias Sociales y Humanidades*, 25(2): 123-143.
- SHACKELFORD, Jean (1992). «Feminist Pedagogy». *AEA Papers and Proceedings*, 82(2): 570-576.
- SIMÓN, M. Elena (2011). *Igualdad también se aprende. Cuestión de coeducación*. Madrid: Narcea.
- SOUSA, Boaventura (2010). *Descolonizar el saber, reinventar el poder*. Uruguay: Trilce.
- FEMENÍAS, M. Luisa e SPADARO, M. Cristina (comps.) (2012). *Enseñar filosofía, hoy*. La Plata: Edulp. <https://bit.ly/2XW9oM3>.
- SUÁREZ, Liliana e HERNÁNDEZ, Rosalva A. (eds.) (2008). *Descolonizando el feminismo: teorías y prácticas desde los márgenes*. Madrid: Cátedra.

- TAPIA, Georgina Aimé (2009): «Edith Stein y Simone de Beauvoir: filosofía, feminismo y experiencia vivida». *Investigaciones feministas*, 0: 137-150.
- TARVER, Erin C. (2013). «The Dismissal of Feminist Philosophy and Hostility to Women in the Profession». *APA Newsletter on Feminism and Philosophy*, 12(2): 8-11.
- TOMMASI, Wanda (2002). *Filósofos y mujeres*. Madrid: Narcea.
- TOZZI, Michel (2008). *Pensar por sí mismo. Iniciación a la pedagogía de filosofía*. Madrid: Editorial Popular.
- TOZZI, Michel (2007). «Sobre la didáctica del aprendizaje del filosofar». *Diálogo Filosófico*, 68: 207-215.
- TUANA, Nancy (2006). «The Speculum of Ignorance». *Hypatia*, 21(3): 1-19.
- TUANA, Nancy (1992). *Woman and the History of Philosophy*. New York: Paragon Press.
- VALCÁRCEL, Amelia (1997). *La política de las mujeres*. Madrid: Cátedra.
- VALCÁRCEL, Amelia (1993). *Del miedo a la igualdad*. Madrid: Crítica.
- VALCÁRCEL, Amelia (1991). *Sexo y filosofía*. Madrid: Anthropos.
- WAITHE, Mary Ellen (ed.) (1987–1991) *A History of Women Philosophers*. Dordrecht: Kluwer Academic Publishing.
- WARNOCH, Mary (ed.) (1996). *Women Philosophers*. Londres: J.M. Dent.
- WITT, Charlotte (2006). «Feminist Interpretations of the Philosophical Canon». *Signs: Journal of Women in Culture and Society*, 31(2): 537–552.

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

A incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria segue a ser un reto pendente, a pesar do marco normativo vixente nos contextos europeo e estatal. Aplicada ao ámbito universitario, a transversalización de xénero é unha política integral orientada a promover a igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, todos eles ámbitos afectados por diferentes prexuízos. Unha transferencia de coñecemento nas aulas sensible á incorporación da perspectiva de xénero comporta diferentes beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado, e mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, das tecnoloxías e das innovacións (re)producidas. Sobre estas bases e a estes obxectivos conságrase a colección de guías temáticas elaboradas pola Xarxa Vives d'Universitats e agora trasladadas á lingua galega, no marco das iniciativas financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e desenvolvidas polas unidades de igualdade do Sistema Universitario Galego.

Ciencias da Computación

PALOMA MOREDA POZO

Dereito e Criminoloxía

M. CONCEPCIÓN TORRES DÍAZ

Educación e Pedagogía

MONTSERRAT RIFÀ VALLS

Filoloxía e Lingüística

MONTSERRAT RIBAS BISBAL

Filosofía

SONIA REVERTER-BAÑÓN

Física

ENCINA CALVO IGLESIAS

Historia

MÓNICA MORENO SECO

Historia da Arte

M. LLÜISA FAXEDAS BRUJATS

Medicina

MARÍA TERESA RUIZ CANTERO

Psicoloxía

ESPERANZA BOSCH FIOI
SALUD MANTERO HEREDIA

Socioloxía, Economía e Ciencia Política

ROSA MARIA ORTIZ MONERA
ANNA MARIA MORERO BELTRÁN

Xarxa Vives
d'universitats



galegía



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universida de Vigo